

O CONCELLO INFORMA

Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a contratación, na modalidade de Contrato Temporal por obra ou servizo a xornada parcial (20 horas/semana) de 2 “monitores/as de ludoteca e servizos”, para reforzo dos servizos de madrugadores e ludoteca, segundo o exposto e xustificado na Resolución da Alcaldía de data 08/10/2021.

Requisitos dos aspirantes.

Para tomar parte no proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, previamente a presentación da oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG):

- a) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- b) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo.
- c) Que non fora separado mediante expediente disciplinario, do Servizo da Administración, nin encontrarse en situación de inhabilitación para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- d) Non incorrer en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na lei 53/1984 de 26 de decembro do persoal ó servizo das Administracións Públicas.
- e) Estar inscritos como demandantes de emprego ou mellora de emprego na oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia correspondente.
- f) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións ou graos:
 - 1.- Educación Social.
 - 2.- Psicoloxía.
 - 3.- Pedagogía.
 - 4.- Maxisterio.
 - 5.- Técnico en educación infantil.
 - 6.- Técnico en integración social.
 - 7.- Técnico en animación sociocultural.
 - 8.- Certificado de profesionalidade de dinamización de actividades de tempo libre.
 - 9.- Monitor de tempo libre.
- g) Estar en posesión da licenza de condución de tipo B.

Terceira.- Convocatoria

O Concello de Vedra procederá a dar publicidade da convocatoria a través da páxina Web do Concello www.concellodevedra.com, no taboleiro de anuncios e no BOP da provincia.

O procedemento de selección realizarase despois de presentar oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), e non se admitirán persoas candidatas que non sexan remitidas a través do SPEG.

Máis información no teléfono 669.450.801 (Cruz), en horario de oficina de 9.00 a 14.00 horas.

Vedra, 8 de outubro de 2021
O ALCALDE,

Asdo.: Carlos Martínez Carrillo